

CORAIS DE COMPOSTELA

Coral Polifónica Pontepedriña:

Esta coral constituíuse en 1991 e está formada por 30 compoñentes de diferentes idades nas respectivas voces. A súa actual directora é Yolanda Eiras Moreiras. Levan realizadas dende o seu nacemento máis de 20 actuacións, e xa en anos anteriores participaron nas Festas da Ascensión. Esta tarde interpretarán dúas habaneiras (*Golondrina de Amor e Pregúntale a las estrellas*) e outras dúas cancións libres (*Más vale trocar e Lévame*).

Coral Polifónica Colexiata do Sar:

Nace en 1976, no barrio do Sar de Santiago, por iniciativa do párroco don Xosé Porto Buceta. O seu actual director é Francisco Lorenzo Somoza e a agrupación conta con 25 membros repartidos entre as distintas cordas vocais. Interpretan cancións dun repertorio moi amplo: clásico, folclórico e tradicional, pero sobre todo orientado á música sacra. Colabora nos actos relixiosos de Nadal, Pascua, nas festas do barrio de Sar e en varios festivais. Hoxe interpretarán dúas cancións habaneiras (*Juramento e Meus amores*) e dúas libres (*Foliada de Pontevedra e Llega el día*).

Coral A Xuntanza:

Con sede no barrio de San Pedro, A Xuntanza nace no ano 1997. Ofrece concertos para os veciños nas celebracións de San Pedro, participa dende 1998 no Festival de Vilancicos do Teatro García Barbón de Vigo e intervéñe no Festival de Corais de Santiago de Nadal. Na actualidade continúa ampliando e mellorando o seu repertorio baixo a dirección de Fernando Tabeada Oreiro. Na súa actuación de hoxe interpretarán as habaneiras *De Colores e Paloma mensajera* e de canción libre *Alecrín e Cancao Alentejada. Nao Quero*.

Coral Polifónica La Salle:

Dende o seu nacemento en 1987 a coral realizou varias actuacións tanto a nivel nacional como internacional. En terras galegas son moitas as actuacións que avalan a traxectoria desta formación, que actualmente está composta por 46 voces e presenta un repertorio de máis de 80 composicións musicais: galegas, españolas, italianas, portuguesas de música clásica, popular e relixiosa. As dúas habaneiras de hoxe son *El Abanico e Hermosa perla de Cuba* e de temas libres *A caracola e El Ampurdán*.

Coral Alfaia:

Creouse no ano 2000 e forma parte da Asociación sociocultural que leva este mesmo nome, Alfaia. Está formada por 25 membros e o seu repertorio é variado, dende temas tradicionais galegos e de outras autonomías, ata clásicos ou modernos. A súa directora é a cantante Carmendor de recoñecida formación musical. Os seus temas de hoxe son as dúas habaneiras *La bamba e En Cuba*

la habanera nació e as dúas cancións libre Cantigas de Pontevedra e Laurindinha.

Coral Castiñeiriño:

A fundación da Coral produciuse no 2005, baixo a dirección de Fernando Taboada. No 2006 actuaron no Auditorio de Galicia e no 2007 participaron en varias festividades, como a de Fátima e San Antonio do Castiñeiriño. Hoxe interpretarán as habaneiras *La perla e La vieja Lola* e os dous temas libres *Historia de un amor e Catro vellos mariñeiros.*